
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE NOVEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a autorización de depósitos especiais de medicamentos estupefacientes veterinarios para o seu uso clínico en establecementos veterinarios.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Carral para habilitar unha senda peonil e ciclista na N-550, entre Tabeaio e Carral, por un importe total de cento cincuenta e tres mil seiscientos cincuenta e cinco euros con dezasete céntimos (153.655,17€), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre as consellerías de Política Social e de Educación, Universidade e Formación Profesional, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e a Asociación Abuso e Maltrato Infantil No.Galicia (AMINO.GAL), para a formación, difusión e sensibilización no eido da violencia sexual infantil. Importe total: cento cinco mil catrocentos setenta e un euros con oitenta e un céntimos (105.471,81€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o plan de actuacións para a mellora da xestión dos residuos domésticos 2019.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución das obras de demolición urxente e reposición de falsos teitos no CEE Miño de Ourense, polo inminente perigo da súa derruba, e por un importe total de cento setenta e seis mil novecentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (176.996,63€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o programa de transferencia do coñecemento da Axencia Galega da Calidade Alimentaria-AGACAL.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- *O decreto actualiza as competencias dos diferentes órganos para dar resposta aos novos retos do sistema educativo e da sociedade*
- *Afóndase na modernización da FP e na consecución dun ensino plenamente inclusivo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia que supuxo a creación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa xestión do sistema educativo sostido con fondos públicos como prioridade básica. O decreto mantén os órganos superiores da Consellería e actualiza as súas competencias para dar resposta aos novos retos da sociedade e do sistema educativo.

Neste sentido, e dada a auxe da FP, amplíanse as competencias relacionadas coa innovación e modernización destas ensinanzas no seo da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Así, establécese que este órgano se ocupará do desenvolvemento de accións encamiñadas á excelencia, modernización, tecnificación e internacionalización da formación profesional; do impulso ao emprendemento, á investigación e á innovación; do reforzo da rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) e do apoio á orientación profesional, inserción profesional do alumnado, á relación co sistema produtivo e ao desenvolvemento da formación profesional dual.

Novo Servizo de Inclusión e Orientación

Ademais, refórzase o traballo a prol da inclusión e da orientación, como fundamentos dun sistema educativo orientado e baseado na igualdade e nos principios de respecto e non discriminación. Deste xeito, créase un Servizo de Inclusión e Orientación Educativa, ao que se lle encomenda o impulso e xestión de plans, medidas e programas para o fomento da equidade e da inclusión no sistema educativo, así como de preservación da igualdade e de atención á diversidade do alumnado. Trátase de eliminar as barreiras na aprendizaxe e de facilitar e potenciar a participación de todo o alumnado, tendo en conta de xeito especial a aquel exposto á vulnerabilidade. A rede dedicada á inclusión conta neste momentos con máis de 3.000 profesionais, polo que a magnitude aconsella un órgano de xestión específico.

Entre outras funcións, este Servizo tamén se ocupará da coordinación funcional dos Equipos de Orientación Educativa, do impulso das medidas necesarias para o apoio ao alumnado con altas capacidades intelectuais, do establecemento de protocolos de actuación en materia de necesidades educativas especiais e do fomento das medidas

tendentes á incorporación ao sistema educativo do alumnado procedente doutros países ou que por calquera outra causa se incorpore de forma tardía. Así mesmo, será o órgano responsable de apoiar o asesoramento ás familias no proceso de adopción de medidas educativas.

Ademais, o texto ten en conta a grande actividade legislativa relacionada coa materia administrativa, que supuxo a incorporación nos últimos tempos dunha importante cantidade de funcións e atribucións para todas as administracións públicas, que polo seu carácter transversal deben xestionarse ou coordinarse pola Secretaría Xeral Técnica. Deste xeito, procédese a actualizar as competencias da Vicesecretaría Xeral que, por exemplo, se constitúe en unidade encargada da información e protección de datos.

Por outra banda, e xa no referido á Secretaría Xeral de Universidades, co novo decreto inclúese dentro da estrutura a dependencia da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE PERMITIRÁ ÁS CLÍNICAS E HOSPITAIS VETERINARIOS CONTAR CUN DEPÓSITO DE MEDICAMENTOS ESTUPEFACIENTES

- *O obxectivo é regular o uso deses fármacos -indispensables para mitigar a dor- en intervencións urxentes realizadas en animais de compañía e silvestres en cativeiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula a autorización de depósitos especiais de medicamentos estupefacientes veterinarios para o seu uso clínico en establecementos veterinarios. É a primeira vez que unha norma establece os requisitos para a apertura dun depósito deste tipo, as condicións do seu almacenamento e custodia e o procedemento hai que levar a cabo.

En concreto, o decreto afecta medicamentos estupefacientes, é dicir, aqueles fármacos destinados á analxesia e/ou indución anestésica indispensables para mitigar a dor. Así mesmo, a norma recolle que estes medicamentos serán empregados para as intervencións terapéuticas urxentes levadas a cabo polo propio centro veterinario tanto en animais de compañía como en silvestres en cativeiro. O decreto limita o seu emprego aos animais de compañía deixando fóra aos domésticos, aos que, por formar parte da cadea alimentaria, non poderían ser de aplicación tales medicamentos, en beneficio da protección da saúde pública.

Desta forma, a nova regulación trata de evitar o sufrimento innecesario dos animais. Ata o de agora, era preciso a prescrición dunha receita veterinaria coa posterior dispensación nunha oficina de farmacia que podía significar unha demora no comezo dunha intervención terapéutica. Con este decreto, dáse resposta a unha antiga reivindicación do colectivo veterinario de establecer unha norma que regulase estes aspectos.

Autorizacións e requisitos

O depósito destes medicamentos estupefacientes require dun control moi estrito, dadas as súas especiais características, para evitar usos indebidos ou fraudes. Así, soamente se autorizarán estes depósitos naqueles hospitais ou clínicas veterinarias que figuren inscritas no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro.

O depósito estará baixo a responsabilidade dun profesional veterinario, que só poderá solicitar medicamentos estupefacientes veterinarios autorizados pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e só poderá solicitalos na cantidade mínima necesaria. Ademais, o depósito estará vinculado a unha oficina de farmacia da mesma localidade, que será a encargada de subministrar os estupefacientes con destino ao

depósito especial.

Cada un destes centros deberán contar para o depósito dunha zona independente e pechada destinada a almacenar os medicamentos estupefacientes. O local contará coas condicións axeitadas de temperatura, humidade e luz. Ademais os centros deberán garantir en todo momento a custodia dos fármacos, evitando calquera posibilidade de substración e de dedicación a usos indebidos.

A XUNTA COLABORARÁ CON MAIS DE 153.000 EUROS CO CONCELLO DE CARRAL PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA N-550 ENTRE A CAPITAL DA VILA E TABEAIO

- *O Executivo autonómico autoriza a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a intervención neste tramo da estrada nacional ao seu paso polo concello, que comunica os núcleos principais do municipio co polígono industrial dos Capelos*
- *A nova senda facilitará aos máis de medio millar de traballadores do polígono o uso dun medio de transporte sustentable como é a bicicleta e ao conxunto dos veciños, unha senda peonil para desprazamento habituais ou como vía saudable*
- *Con este acordo o Executivo autonómico fomenta investimentos que resoven problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta vén de dar o seu visto e praxe hoxe á colaboración co Concello de Carral para dar continuidade ao paseo existente pola marxe dereita da estrada N-550 cunha senda peonil e ciclista entre a capital do municipio coruñés e o núcleo de poboación de Tabeaio, cun investimento autonómico de máis de 153.000 euros.

O Executivo autonómico autoriza así a sinatura dun convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Carral, que inviste na mellora da seguridade e mobilidade dun tramo da estrada nacional moi concorrido e que une os dous núcleos poboacionais principais do Concello de Carral co polígono industrial de Os Capelos.

A actuación aprobada hoxe polo Goberno galego atende así a petición deste concello coruñés para crear unha senda con espazo diferenciado para peóns e ciclistas á altura do polígono dos Capelos, entre os puntos quilométricos 15+150 e 16+800 da estrada N-550.

O itinerario peonil e ciclista executarase dende o punto no que finalizan as beirarrúas de Tabeaio ata a entrada de Carral, na marxe dereita da estrada N-550. Cunha lonxitude total de 1,65 quilómetros lineais, a senda construírse coa traza do paseo xa existente, regularizándoa ata obter 3,5 metros de largo cara á parte exterior da estrada nacional. Ademais, será necesario ampliar a obra de paso de 10 m de lonxitude que salva o río Brexa.

Esta ampliación da senda, tanto na súa lonxitude como no ámbito dos seus usuarios habilitando para o seu uso por ciclista, pretende o fomento da mobilidade sustentable e o incremento da seguridade viaria.


Deste xeito, o novo itinerario mixto e peonil proxectado facilitará aos máis de medio millar de traballadores do polígono industrial a posibilidade de facer uso dun medio de transporte sustentable como é a bicicleta e, ao conxunto da cidadanía do concello de Carral, de usar a senda peonil, xa sexa como medio habitual de desprazamento ou como vía saudable.

Segundo establece o convenio aprobado hoxe polo en Consello da Xunta, o Concello de Carral asume a obriga de levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio, redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución destas. E o departamento de Infraestruturas da Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución destas obras.

A implantación destes itinerarios habilitados para a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade sustentable nas estradas enmárcanse no Plan de mobilidade e ordenación viaria da Xunta, Plan Move, e tamén cumpre cos obxectivos do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 e da estratexia de sendas de Galicia.

Con este acordo de colaboración co Concello de Carral o Executivo autonómico trata de fomentar investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

De seguido amósase o plano do proxecto desta intervención:



A XUNTA, AS TRES UNIVERSIDADES E AMINO.GAL COLABORAN NA SENSIBILIZACIÓN CONTRA O ABUSO INFANTIL

- *Destinarase un total de 100.000 euros a esta iniciativa que leva por título 'Poñendo os lentes para a protección da infancia'*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración coa Asociación contra o Abuso e o Maltrato Infantil en Galicia (Amino.Gal) para poñer en marcha a campaña que leva por título *Poñendo os lentes para a protección da infancia*. A Administración autonómica investirá 100.000 euros na formación, difusión e sensibilización no eido da violencia sexual infantil.

Esta é a primeira vez que se reúnen en torno a unha iniciativa nesta materia a Xunta — a través das consellerías de Política Social e de Educación, Universidade e Formación Profesional— e as tres universidades de Galicia. O obxectivo é chegar a todos os centros de Infantil, Primaria e ensino especial da comunidade, mediante a formación do profesorado e a sensibilización neste eido.

En concreto, neste curso escolar a campaña desenvolverase nos centros de ensino da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e no vindeiro ano académico 2019/20 chegará aos centros de Ferrol, Santiago de Compostela e Pontevedra.

A XUNTA MOBILIZARÁ MÁIS DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS EN 2019 PARA ACTUACIÓNS QUE MELLOREN A XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá sobre o Plan de actuacións para a mellora da xestión dos residuos domésticos ao longo do vindeiro ano*
- *As medidas de xestión que se propoñan seguirán un esquema de prioridades e un principio de xerarquía na xestión de residuos: prevención, reutilización, reciclaxe, outros tipos de valorización e eliminación*
- *En 2019 convocarase unha orde de axudas para implantar puntos limpos móbiles e para a posta en marcha de iniciativas para potenciar a recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, os biorresiduos*
- *Tamén se creará unha rede galega para a preparación para a reutilización e reparación, co impulso dun conxunto de establecementos municipais, comerciais ou de entidades sociais para a reparación de aparellos estragados*

A Xunta de Galicia impulsará un plan de actuacións para a mellora da xestión dos residuos domésticos 2019, dotado con máis de 5,5 millóns de euros. Así se recolle nun informe presentado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no Consello da Xunta celebrado esta mañá.

Desde o Goberno galego recordan que o 2020 é un ano clave para a xestión de residuos de orixe doméstica, porque os concellos galegos deben acadar o obxectivo do 50% da valorización de residuos urbanos, a través da reutilización e da reciclaxe das fraccións papel, metais, vidro, plásticos, biorresiduos ou outras fraccións reciclables, tal e como marca a Unión Europea.

Para dar resposta a este reto, a Xunta pon en marcha determinadas actuacións e medidas fixadas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 (PXRUG), ás que en 2019 se lles dará un novo impulso.

Unha partida importante, de case 3 millóns de euros, destinaranse aos proxectos destinados o desenvolvemento de medidas de xestión conforme o esquema de prioridades e ao principio de xerarquía na xestión de residuos: prevención, reutilización, reciclaxe, outros tipos de valorización e eliminación.

Así, ao longo do vindeiro ano, convocarase unha orde de axudas dirixida ás entidades locais para a implantación de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos actual na Comunidade, co fin de favorecer a súa adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización; e para o desenvolvemento de proxectos de nova implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, biorresiduos.

Cómpre lembrar que os concellos son a administración que desempeñen as competencias en xestión de residuos urbanos, especialmente respecto da fracción orgánica dos residuos domésticos recollidos selectivamente, os denominados biorresiduos, que representan o 42% sobre o total dos residuos que se xeran.

De feito, no vindeiro ano prevese completar a distribución de 4.670 contedores para a recollida selectiva de biorresiduos, reducindo a fracción orgánica que vai á bolsa negra e fomentando a implantación do quinto contedor. Esta acción completárase con actuacións encamiñadas a mellorar a xestión dos residuos urbanos, especificamente os biorresiduos, entre as que destacan:

- Diagnose da prevención da xeración e a implantación da recollida selectiva dos biorresiduos e a redución do desperdicio alimentario nas entidades locais, para analizar a situación actual e futura de xeración e xestión de biorresiduos de competencia municipal de Galicia.
- Fomento da implantación da recollida selectiva da materia orgánica e sensibilización sobre a importancia de evitar o desperdicio de alimentos, co obxectivo de informar e formar as entidades locais sobre biorresiduos, afondando no contexto normativo, no cumprimento dos obxectivos europeos en materia de biorresiduos e na mellora da formación dos axentes e responsables implicados na xestión dos residuos municipais.
- Actuacións de fomento da recollida selectiva de biorresiduos entre grandes produtores e concellos, especialmente en zonas turísticas, como supermercados, mercados, hostalaría, hospitais, colexios, mantemento de xardíns, etc. O programa dirixirase a concellos con zonas turísticas relevantes e os establecementos adheridos levarán un distintivo de responsabilidade social e calidade ambiental. Tamén se programará unha campaña educativa itinerante, que percorrerá todos os concellos de Galicia, sobre prevención, residuos, reciclaxe e compostaxe, incluíndo mensaxes educativas sobre a importancia da prevención do desperdicio alimentario.

Rede de preparación para a reutilización e reparación de aparellos

Outras actuacións para a xestión dos residuos urbanos son a creación dunha rede galega para a preparación para a reutilización e reparación; para o cal se impulsará a posta en marcha dunha rede de establecementos municipais, comerciais ou de entidades sociais para a reparación de aparellos estragados e a súa reutilización, así como redes de cooperación e coñecemento. Este proxecto inclúe iniciativas para a introdución de novos servizos nos puntos limpos municipais, probas piloto para a creación de espazos municipais de reparación e intercambio, creación de grupos de traballo e espazo web e información sobre boas prácticas.

Tamén se promoverá a apoiará o uso do compost, para o que se involucrará as administracións e a cidadanía na recollida selectiva da fracción orgánica e no uso do compost; para o que se desenvolverá unha norma técnica e recomendacións de uso do compost. Ao longo do ano 2019 manteranse as campañas de sensibilización para a redución do consumo de bolsas dun só uso, bolsas de plástico dun só uso, facilitando ao cidadán información e instrumentos para a redución deste residuo; polo que se realizará unha campaña que inclúe un concurso de ideas para a imaxe das bolsas eco que se subministrarán nos comercios adheridos ao programa de redución de bolsas dun só uso.

No vindeiro ano tamén se manterán as campañas de educación e sensibilización ambiental para a xestión de residuos, en colaboración con outras entidades (sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produto) como son a campaña para a correcta xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, sobre pilas e acumuladores eléctricos, do vidro... ou a campaña *Recicla no Camiño de Santiago*; a campaña *Respira*, para fomentar a reciclaxe e reducir a contaminación do aire; *Separar con xeito*, para fomentar a recollida selectiva; a campaña *Únete ao Reto*, para incrementar as achegas ao contedor amarelo; ou o *Proxecto Libera*, para a concienciación sobre a recollida do lixo nos espazos naturais e costeiros; así como a campaña *Verdear é a actitude*, para fomentar prácticas que reduzan a xeración da contaminación.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN RENOVARÁ OS FALSOS TEITOS DO CEE MIÑO (OURENSE) MEDIANTE O PROCEDIMENTO DE EMERXENCIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a execución destas reformas, que se realizarán de forma inmediata*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional investirá 177.000 euros na renovación dos falsos teitos do Centro de Educación Especial Miño (Ourense), unha obra autorizada hoxe polo Consello da Xunta e que se executará de forma inmediata polas específicas características deste centro educativo. Neste sentido cómpre sinalar que o colexio acolle alumnado con diferentes tipos de discapacidade física e intelectual en réxime de internado, polo que é preciso manter as súas instalacións nas condicións máis óptimas.

A renovación prodúcese despois do desprendemento dalgúns elementos destes falsos teitos. Como medida provisional, a Unidade Técnica da Consellería na provincia de Ourense decidiu demoler algúns dos teitos, aínda que os informes elaborados recomendan cometer a reposición do falso teito e da instalación de iluminación de forma inmediata, para evitar unha situación que impide o normal funcionamento do centro escolar. Está previsto que a obra comece este mesmo venres e que remate arredor de mediados do mes de decembro.

MEDIO RURAL LEVOU A CABO ESTE ANO 194 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PARA TRANSFERIR OS AVANCES TECNOLÓXICOS E DE INNOVACIÓN A AGRICULTORES E GANDEIROS

- *O orzamento para desenvolver estas actividades foi de 315.000 euros, un 31% máis que o ano anterior*
- *Estas actividades teñen por obxectivo conseguir un sector agrícola e forestal máis forte e competitivo*

O Consello da Xunta coñeceu na súa reunión de hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o plan de transferencia tecnolóxica que se levou a cabo este ano cun orzamento de 315.000 euros. En concreto, a través deste programa desenvolvido pola Axencia Galega da Calidade Agroalimentaria (Agacal), executáronse 194 actividades de diferentes tipos dirixidas a transferir os avances no seu ámbito a agricultores e gandeiros.

Este plan ten por obxectivo que os coñecementos cheguen aos seus últimos destinatarios: técnicos, agricultores, silvicultores e persoas que traballan no sector, en xeral. Trátase de fomentar, en definitiva, a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, agroalimentario e forestal para conseguir empresas máis competitivas e fortes. Así, abórdase todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades incidindo, cando sexa preciso, na reordenación das producións e no emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do ambiente.

A través do plan desenvolvéronse tanto accións de información, tales como congresos, feiras e xornadas de portas abertas, como actividades de demostración, que teñen un compoñente práctico para ilustrar unha tecnoloxía, o uso de nova maquinaria ou métodos de protección dos cultivos ou dunha técnica específica de produción. Estas actividades poden tomar a forma, por exemplo, de campos de demostración.

En canto á temática, está preferentemente relacionada coa mellora da produtividade nos sistemas agrogandeiro e forestal, incluídas as producións silvopastorais, cos métodos de produción agrícola compatibles co mantemento do medio, pero tamén coa xestión técnico-económica das explotacións e a información e divulgación sobre novas tecnoloxías.

As actividades están organizadas polas unidades da propia Consellería do Medio Rural tales como os seus centros de formación e investigación, os servizos técnicos e veterinarios oficiais, os distritos forestais e as oficinas agrarias, entre outros.

Aumento no 2019

Respecto ao orzamento, financiado nun 75% polo Feader, este ano xa creceu preto dun 31%, pero ademais está previsto que volva aumentar de cara ao próximo ano grazas á aposta deste Goberno pola investigación e formación. Así, Agacal realizará no próximo exercicio accións por valor de 493.006 euros en 2019, polo tanto, falamos dun incremento do 56,5%.